

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/20	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de maio de 2023
Duración	Dende as 13:15 ata as 13:33 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 11.05.2023****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 11 de maio de 2023.

Expediente 373/2023. CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe de necesidade de data 21/02/2023, elaborado polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 2 de marzo de 2023 acordou iniciar o expediente de contratación do servizo denominado "CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023".

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas.

Visto o informe de Secretaría de data 15/03/2023.

Visto o informe de Intervención de data 15/03/2023.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 16 de marzo de 2023, adoptou o acordo de aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria do servizo denominado "CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023, nos termos dos artigos 116 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, convocando o correspondente procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, por lotes, por importe total de 47.515,00 euros máis 9.978,15 euros de IVE.

No prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron admitidas pola Mesa de Contratación na sesión celebrada o 25 de abril de 2023:

- **JUAN MANUEL BASCUAS OTERO** - CIF: 35317336P
- **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS S.L.** - CIF: B36408987

A Mesa de Contratación, tras a lectura das ofertas económicas presentadas, recolle o seguinte resultado:

LICITADOR	OFERTA € (Sin IVE)		
	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
JUAN MANUEL BASCUAS OTERO	22.944,80 € (0,1978 €/ml)	12.461,40 € (0,1978 €/ml)	8.568,00 € (0,204 €/ml)
SERVICIOS AGROINDUSTRIALES	23.084,00 €	12.537,00 €	Non presenta

BASCUAS, S.L.

(0,199 €/ml)

(0,199 €/ml)

oferta ó lote 3

A mesa acordou clasificar as proposicións presentadas polo seguinte orde decrecente, segundo as puntuacións obtidas por cada unha delas:

LOTE 1			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	JUAN MANUEL BASCUAS OTERO	22.944,80 €	80,00
2	SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.	23.084,00 €	74,42

LOTE 2			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	JUAN MANUEL BASCUAS OTERO	12.461,40 €	78,4
2	SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.	12.537,00 €	72,93

LOTE 3			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	JUAN MANUEL BASCUAS OTERO	8.568,00 €	52,11

A Mesa de Contratación propón a adjudicación da CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDADA. ANO 2023 a:

- LOTE 1.- **JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P**
- LOTE 2.- **JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P**
- LOTE 3.- **JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P**

Visto o requirimento a **JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P** por obter a mellor puntuación, para que presente no prazo de **7 días hábiles** a contar dende o envío da comunicación a documentación sinalada na **Cláusula 27** do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e proceda á constitución da **garantía definitiva do 5%** do prezo final ofertado por este, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Visto que por **JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P**, preséntase a documentación requirida e constitúese debidamente a garantía definitiva esixida para os tres lotes (registro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-582).

A mesa de contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada por JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P.

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor municipal, en data 15 de maio de 2023.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro.- Adjudicar a CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023 a:

LOTE	ADXUDICATARIO	PREZO	IVE	TOTAL
LOTE 1 DORNELAS –PIÑEIRO- MANDUAS- CIRA-CERVAÑA- LAMELA-MOALDE-ESCUADRO	JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P	22.944,80 €	4.818,41 €	27.763,21 €
LOTE 2 ABADES-CHAPA-PAZOS- ANSEMIL- BREIXA-MARTIXE- RELLAS-MARGARIDE- SILLEDA-FIESTRAS	JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P	12.461,40 €	2.616,90 €	15.078,30 €
LOTE 3 GRABA-CORTEGADA- REFOXOS-OLEIROS-LARO- PARADA	JUAN MANUEL BASCUAS OTERO - CIF: 35317336P	8.568,00 €	1.799,28 €	10.367,28 €

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 172.22799, do Orzamento de gastos do Concello para o 2022, prorrogado a 2023.

Terceiro.- Notificar as empresas adjudicatarias do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. Así mesmo, a presente resolución notificarase a tódolos interesados.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo de execución para a realización dos traballos será de DOUS (2) meses. Marcará o inicio o Concello mediante a sinatura da acta correspondente, que terá lugar no prazo máximo de 10 días naturais dende a formalización do contrato.

Expediente 1650/2022. MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que o Concello de Silleda concorreu á liña de subvencións da Xunta de Galicia para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais cun proxecto para a renovación do parque infantil ubicado na localidade da Bandeira.

Visto que dita solicitude foi desestimada.

Visto que o citado parque infantil se atopa en moi mal estado e que resulta necesario realizar unha renovación total deste espazo público, por cuestións tamén de seguridade.

Visto que con data 15 de decembro de 2022, incorporáronse ao expediente o Proxecto redactado pola arquitecta Natalia Campos Ferro, colexiada 4382 do COAG. No mesmo proxecto contéñesen os Pregos de Prescricións Técnicas, e con data 29 de decembro incorpórase o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que teñen de rexer a adxudicación do contrato.

Visto o orzamento base de licitación (IVE excluído) deste contrato ascende a 90.897,22 €, ao que hai que engadir o 21% do IVE de 19.088,42 €, o que totaliza o importe deste contrato en 109.985,64 €.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de decembro de 2022 acordouse iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras "**MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA**".

Visto que no expediente consta a seguinte documentación:

- Acta de Trazado Previo.
- Informe de non división en lotes
- Certificado de existencia de crédito
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares
- Informe xurídico dos Pregos
- Informe de fiscalización de Intervención.

Visto que a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 23 de febreiro de 2023 acorda:

-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para contratar a obra de "**MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA**".

-Autorizar, pola contía de 109.985,64 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2023.

-Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de **"MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA"** .

-Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Visto que no prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron admitidas pola Mesa de Contratación na sesión celebrada o 23 de marzo:

- **ENDENOR, MTTTO Y SERVICIOS SL** (NIF: B36563823)

- **GAROCAPRIM S.L.** (NIF: B94016805)

- **JARDINERIA ARCE S.L.** (NIF: B15547979)

- **SOTEGA NOROESTE SL** (NIF: B36518231)

- **ZONA DE OBRA O ROSAL SL** (NIF: B94106663)

Visto que se realiza un requirimento para que catro destas propostas emendasen a documentación presentada. Todas aportan, en tempo e forma, a documentación solicitada.

Visto que tras darlle traslado á técnica para que faga o estudo dos criterios baseados en xuízos de valor, o día 20 de abril, con rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-452, a Arquitecta redactora do proxecto, Natalia Campos Ferro, presenta o informe solicitado sobre a **VALORACIÓN DOS CRITERIOS BASEADOS EN XUIZOS DE VALOR** co seguinte resultado:

	ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS S.L.	GAROCA PRIM S.L.	Jardineria Arce S.L.	SOTEGA NOROESTE S.L.	ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.
Plan de Control de Calidade	1,5	1,5	4,5	5	4,3
Programa de Traballo	9,6	6	10,8	12	8,4
Programa de Actuación Ambiental	2,4	2,4	3,2	4	3,2
Esquema Plan de Seguridade e	2,6	3,2	3,6	3,8	3,2

Saúde					
TOTALES	16,1	13,1	22,1	24,8	19,1

Ao non formularse ningunha reclamación, a Mesa de contratación na sesión celebrada o 25 de abril de 2023, procede á apertura do **SOBRE C**, que contén a documentación relativa aos criterios de adxudicación cuantificables automaticamente:

LICITADOR	PREZO (sen IVE)	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	INCORPORACIÓN DAS MELLORAS
ENDENOR, MTO Y SERVICIOS S.L.	86.298,68 €	24 meses	7 días	SI
GAROCAPRIM S.L.	90.747,22 €	12 meses	NON	NON
Jardineria Arce S.L.	89.998,25 €	12 meses	NON	SI
SOTEGA NOROESTE S.L.	89.497,40 €	48 meses	15 días	SI
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	80.898,53 €	36 meses	15 días	SI

As puntuacións obtidas dos **CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE** son as seguintes:

LICITADOR	PREZO (sen IVE)	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	INCORPORACIÓN DAS MELLORAS	TOTALES
ENDENOR, MTO Y SERVICIOS S.L.	19,83	7,5	4,67	10	42
GAROCAPRIM S.L.	0,65	3,75	0	0	4,4
Jardineria Arce S.L.	3,88	3,75	0	10	17,63
SOTEGA NOROESTE S.L.	6,04	15	10	10	41,04
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	40,00	11,25	10	10	71,25

A mesa acordou clasificar as proposicións presentadas polo seguinte orde decrecente, segundo as puntuacións obtidas por cada unha delas:

LICITADOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS BASEADOS EN XUÍZOS DE VALOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE	TOTALES
-----------	--	---	---------

ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	19,1	71,25	90,35
SOTEGA NOROESTE S.L.	24,8	41,04	65,84
ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS S.L.	16,1	42	58,1
Jardineria Arce S.L.	22,1	17,63	39,73
GAROCAPRIM S.L.	13,1	4,4	17,5

O licitador que presenta a oferta máis ventaxosa acadando unha puntuación total de 90,35 puntos é a empresa **ZONA DE OBRA O ROSAL SL (NIF: B94106663)**.

A Mesa de Contratación propón a adxudicación do contrato de “**MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA**”. a:

- **ZONA DE OBRA O ROSAL SL (NIF: B94106663)**.

Vistos os requirimentos a **ZONA DE OBRA O ROSAL SL (NIF: B94106663)** por obter a mellor puntuación, para que presente no prazo de **7 días hábiles** a contar dende o envío da comunicación a documentación sinalada na **Cláusula 22** do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e proceda á constitución da **garantía definitiva do 5%** do prezo final ofertado por este, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Visto que por **ZONA DE OBRA O ROSAL SL (NIF: B94106663)**, preséntase a documentación requirida e constitúese debidamente a garantía definitiva esixida (rexistros de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-561 e nº 2023-E-RE-596).

A mesa de contratación presta a súa conformidade coa documentación presentada por **ZONA DE OBRA O ROSAL SL (NIF: B94106663)**.

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor municipal, o 16 de maio de 2023.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro.- Adxudicar o contrato de “**MELLORA E AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA BANDEIRA**” a **ZONA DE OBRA O ROSAL SL (NIF: B94106663)**, por un total de **97.887,22 €**, dos que 80.898,53 € son o precio base e 16.988,69 € son o 21% do IVE.

Tendo en conta a ampliación de 36 meses do prazo de garantía ofertado, a redución do prazo de execución en 15 días e a incorporación das melloras previstas nos pregos.

Segundo.- Formalizar o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación, debendo ser publicado posteriormente anuncio de formalización no perfil de contratante aloxado na Plataforma de

Contratación do Sector Público dentro dos quince días hábiles seguintes.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario e demais licitadores.

FOD - Expediente 713/2023. Subvencións Solicitadas a Outra Administración. MELLORA DA MOVILIDADE PEATONAL E REXENERACIÓN URBANA DA AV. RECINTO FERIAL E DE L C. ARTURO PÉREZ LÁZARA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 713/2023

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 18 de maio de 2023.

Na sesión da Xunta de Goberno de data 20 de abril de 2023 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“Vistas as Bases Reguladoras e Convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Execución da Axenda 2030- Programa PON2030”.

Visto o proxecto presentado por D. Román Gómez Fraiz, con D.N.I. número 44.841.697-T, en representación da empresa Consultoría y Diseño de Infraestructuras Civiles, S.L. - CODINCI Ingeniería Municipal, nomeado “MELLORA DA MOVILIDADE PEATONAL E REXENERACIÓN URBANA DA AV. RECINTO FERIAL E DA R. ARTURO PÉREZ LÁZARA”.

Visto que o presuposto base da licitación sería de 893.189,62 €, a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) atribúe ó Alcalde da Corporación a competencia como órgano de contratación respecto dos contratos cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, e nos supostos de contratos plurianuais de duración inferior a catro anualidades cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, correspondendo nos demais

supostos a competencia ó Pleno da Corporación.

O órgano de contratación será o que adxudique o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca a súa execución, modificalo e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable.

Por contía do proxecto esta competencia lle correspondería ao Pleno do Concello de Silleda, que ten delegada dita competencia a favor da Xunta de Goberno Local, que será quen tome as decisións relativas ó presente contrato.

Visto que o artigo 113.1.e) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, recolle que nos casos en que a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente, non obstante o artigo 123 do mesmo texto legal establece que as Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sin atribucións resolutorias que teñen por función o estudio, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, como é o asunto que nos ocupa.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a urxencia do acordo a adoptar.

SEGUNDO.- Aprobar, tan só ós efectos da solicitude da subvención, o proxecto “MELLORA DA MOVILIDADE PEATONAL E REXENERACIÓN URBANA DA AV. RECINTO FERIAL E DA R. ARTURO PÉREZ LÁZARA”, presentado por D. Román Gómez Fraiz.

TERCEIRO.- levar a cabo os trámites necesarios para solicitar a subvención ao abeiro das bases “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030-PROGRAMA PON2030”, no senso de solicitar a referida subvención polo 85% do orzamento (actuación tipo 3 das bases reguladoras) para a actuación denominada MELLORA DA MOVILIDADE PEATONAL E REXENERACIÓN URBANA DA AV. RECINTO FERIAL E DA R. ARTURO PÉREZ LÁZARA, cuxo orzamento é de 893.189,62€

CUARTO.- dar conta do acordado na próxima sesión que se celebre das Comisións Informativas e do Pleno.”

*No referido acordo -por erro de transcripción e sen que se vexa afectado o contido do mesmo- non se recolleu especificamente que o 85% solicitado do total do orzamento alcanza a cantidade de **759.211,18 €**, sendo, en consecuencia, esta última, a cantidade solicitada.*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na

resolución do 20 de xuño de 2019, acorda a ACLARACIÓN do mencionado acordo.

FOD - Expediente 1397/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1397/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 18 de maio de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.-Consta no expediente 1397/2022 a **solicitude de licenza urbanística**; incoada por **Dona Rocío Liñares Fernández**, para a **Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar** sita no Lg. Eirexe s/n, parcela 804 polígono 507, parroquia de Parada, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052S507008040000KS); aportando a seguinte documentación con nº de

entrada no Rexistro de este concello 2022-E-RE-1126:

-Un modelo de representación de Rocío Liñares Fernández a Ángel Alonso Méndez, firmado o 13 de setembro de 2022.

-Proxecto básico para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda en Silleda, asinado polo arquitecto Ángel Alonso Méndez, Colexiado nº 2227, visado 2205132,2 o 15 de setembro de 2022.

-Folla de estatística de edificación e vivenda, visado 2205132,3 o 15 de setembro de 2022.

-Oficio de dirección de obra, no que consta que o arquitecto redactor do proxecto, Ángel Alonso Méndez, se fará cargo da dirección da obra.

-Xustificante do pago das taxas.

2º.- Consta no expediente o informe da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, de 30 de decembro de 2022 no que advirte unha serie de deficiencias na documentación aportada:

“Unha vez analizada a documentación achegada, constátanse unha serie de carencias e deficiencias que non permiten discernir a viabilidade do proxectado. Polo que, se deberá requirir a interesada, nos termos do art. 354 do RLSG, a emenda e presentación da seguinte documentación:

1. *Respecto da edificación existente, resulta necesario aclarar as dimensións e posición sobre a parcela (Non concorda o estado actual representado nos planos coa percepción incluída na reportaxe fotográfica achegada (volumen acaroadado o corpo principal)). Planos de estado actual necesariamente acoutados. Plano de emprazamento acoutando distancias de separación e protección a lindeiros e fronte a vía pública, en planos de estado actual e reformado.*

Aos efectos de análise do réxime aplicable regulado no artigo 40 da LSG é necesario a cuantificación expresa dos volumes preexistentes e das ampliacións a realizar (especialmente análise resolución en volume anexo secundario).

2. *En relación aos servizos públicos, deberá aclararse, definirse e acompañar a documentación necesaria respecto do servizo de abastecemento de auga, de si se trata dunha conexión existente ou a realizar, dado a discrepancia detectada en proxecto. Cuantificación das obras de conexión aos distintos servizos. Definición tipo de fosa séptica a instalar (no caso de tipo non estanco, necesaria achega de autorización de vertido por parte do organismo de bacía (Augas de Galicia).*

3. *Memoria construtiva (apartado 2 de proxecto) incompleta.*

4. *Respecto da delimitación da parcela, deberá incluírse a definición completa do tipo de peche a realizar (sistema construtivo e dimensións), así como trazado e posición debidamente acoutado en plano de emprazamento. Necesaria garda distancia protección en fronte vía pública. Xustificación cumprimento normas de aplicación directa.*

5. Nomeamentos de dirección de execución e coordinador en materia de seguridade e saúde das obras visados polos colexios oficias correspondentes. (Art. 353.2.e) RLSG).

6. As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos. (Art. 353.2.i) RLSG): A parcela atópase dentro da zona de Concentración parcelaria de Laro-Parada aprobada por Decreto do 16/08/1969; polo que resultará necesario previa autorización por parte do órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira (Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia), respecto das obras a executar.

7. Necesaria incursión no proxecto do correspondente Estudo de Seguridade e Saúde das obras, en virtude dos art. 4 e 17 do RD 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción”.

3º.- En resposta ós requirimentos efectuados polo informe da arquitecta técnica, o 25 de xaneiro de 2023, nº de entrada no Rexistro de este Concello 2023-E-RE-77, preséntase a seguinte documentación, que forma parte do expediente:

-Memoria xustificativa asinada polo arquitecto redactor do proxecto Ángel Alonso Méndez, colexiado nº 2227.

-Volume comparado-actual proposta.

-Situación do estado actual.

-Situación proposta sistema de depuración.

-Informe favorable do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural.

-Xustificante de pago das taxas a Aguas de Galicia polo procedemento de autorización de vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo procedentes dunha vivenda unifamiliar asentada no lugar de Eirexe – parcela 804, polígono 507 – parroquia de Parada (t.m. Silleda) e requirimento de documentación adicional.

-Modelo de representación de Rocío Liñares Fernández a Ángel Alonso Méndez, firmado o 13 de setembro de 2022.

4º.- O 26 de xaneiro de 2023, con nº de rexistro de entrada neste Concello 2023-E-RE-91, preséntase a proposta de resolución de Aguas de Galicia sobre a autorización de vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Ulla) procedentes dunha vivenda unifamiliar asentada no lugar de Eirexe, núm. 27 – parcela 804, polígono 507 – parroquia de Parada (t.m. Silleda). Esa Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico propón o seu outorgamento baixo unha serie de condicións.

5º.- Consta **informe favorable** da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o

30/01/2023.

O informe favorable da arquitecta recolle o seguinte:

*“Á vista da documentación presentada xunto coa análise realizado no informe técnico do 10.01.2023, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar illada existente, sita no Lg. Eirexe s/n, parcela 804 polígono 507, parroquia de Parada, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052S507008040000KS), de acordo ao Proxecto básico e documentación complementaria en anexo presentada, asinado polo arquitecto D. Ángel Alonso Méndez (Arquitecto Colexiado nº 2.227); sempre que se observen as seguintes condicións:*

1. En atención a criterios de integración na contorna e na paisaxe sobre a que se asenta, non se admitirán combinacións agresivas de cor nos elementos de fachada (paramentos, carpinterías e elementos de recollida de augas pluviais). Debendo empregarse tonalidades axustadas ao medio, tomando como pauta o recollido na Guía de cor e materiais de Galicia, publicada pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 2017.

2. O peche adaptarase ao medio no que se localiza. As cancelas, deseñaranse coas dimensións e materiais que sexan harmoniosos co resto do valado. Neste senso, a súa altura non debe superar a do valado. Procurarase que estes teñan a maior sinxeleza de liñas e simplicidade de deseño, evitando solucións imitativas de antigos motivos ornamentais de forxa ou fundición. A cor destas carpintarías será acorde á contorna na que se atopa a parcela, con acabado mate sen brillos.

3. Seguirase o preceptuado na autorización de Augas de Galicia outorgada para overtido das augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo.

4. En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é obrigado obter visado colexial do proxecto de execución da edificación, que deberá presentarse con anterioridade ao inicio das obras. Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes; así como o correspondente Estudo de seguridade e saúde das obras (Obrigatoriedade de estudo conforme art. 4.1.c) do RD 1627/1997, de 24 de outubro)”.

6º.- Consta informe xurídico favorable de 15 de febreiro de 2023.

7º.- Concedeuse licenza sobre o proxecto básico por acordo da Xunta de Goberno na sesión celebrada o día 16 de febreiro de 2023.

8º.- O día 3 de marzo de 2023, con rexistro de entrada neste Concello nº R.E. 2023-E-RE-247, achégase documentación complementaria ao expediente 1397/2022, que consiste en:

-“Proxecto de execución para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda en Silleda”, de febreiro

de 2023, redactado polo arquitecto Ángel Alonso Méndez (colexiado nº 2.227), visado nº 2205132,5do 24/02/2023 (CVE: AD9B657DA836). O proxecto inclúe Estudo básico de seguridade e saúde.

-Nomeamento da dirección de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde a cargo do arquitecto técnico José Antonio Cerviño Pernas (visado E23000600do 02/03/2023 polo Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Pontevedra CVE 3CH4J445J385).

9º.- Consta no expediente informe favorable da Arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 6 de abril de 2023, na que fai constar o seguinte:

“Infórmase FAVORABLEMENTE a solicitude presentada e en consecuencia ao inicio das obras, quedando supeditada ao cumprimento das condicións indicadas na licenza.”

10º.- Consta informe xurídico asinado o 18 de maio de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

- b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente
- i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa

configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015,

do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.

• A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.-A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.-Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.-No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.-Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

VISTO o informe emitido pola arquitecta Verónica Chaves González tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día 6 de abril de 2023, así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade e o axuste do Proxecto de Execución presentado ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación así como en relación á valoración do orzamento da edificación e da documentación obrante no expediente. Visto o informe xurídico favorable.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 1397/2022, que foi concedida por acordo da Xunta de Goberno local en sesión celebrada o 16 de febreiro de 2023, a Dona **ROCÍO LIÑARES FERNÁNDEZ** para a **Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar** sita no Lg. Eirexe s/n, parcela 804 polígono 507, parroquia de Parada, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052S507008040000KS) de acordo ao Proxecto básico e documentación complementaria en anexo presentada, asinado polo arquitecto D. Ángel Alonso Méndez (Arquitecto Colexiado nº 2.227).

SEGUNDO.- Proponse para a **AUTORIZACIÓN DO INICIO DAS OBRAS** que contan con licenza municipal de obra concedida o 16 de febreiro de 2023, con arreglo ás **LIMITACIÓNS** que se establecen no informe técnico e nos informes sectoriais que constan no expediente 1397/2022 e que se sinalan a continuación:

1. En atención a criterios de integración na contorna e na paisaxe sobre a que se asenta, non se admitirán combinacións agresivas de cor nos elementos de fachada (paramentos, carpinterías e elementos de recollida de augas pluviais). Debendo empregarse tonalidades axustadas ao medio, tomando como pauta o recollido na Guía de cor e materiais de Galicia, publicada pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 2017.
2. O peche adaptarase ao medio no que se localiza. As cancelas, deseñaranse coas dimensións e materiais que sexan harmoniosos co resto do valado. Neste senso, a súa altura non debe superar a do valado. Procurarase que estes teñan a maior sinxeleza de liñas e simplicidade de deseño, evitando solucións imitativas de antigos motivos ornamentais de forxa ou fundición. A cor destas carpintarías será acorde á contorna na que se atopa a parcela, con acabado mate sen brillos.
3. Seguirase o preceptuado na autorización de Augas de Galicia outorgada para overtido das augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo.
4. En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é obrigado obter visado colexial do proxecto de execución da edificación, que deberá presentarse con anterioridade ao inicio das obras. Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes; así como o correspondente Estudo de seguridade e saúde das obras (Obrigatoriedade de estudo conforme art. 4.1.c) do RD 1627/1997, de 24 de outubro).

TERCEIRO.- A interesada, no caso de non ter aboadas as taxas, deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza polo importe que corresponda.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

FOD - Expediente 639/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Instalacións privadas de baño e instalacións anexas de almacenamento agropecuario en Bandeira.**Favorable****Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento****Inclusión por urxencia Expediente 639/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 18 de maio de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Relacionado co expediente electrónico que se está a tramitar (639/2022), atópase na plataforma electrónica o expediente o 1102/2021, no que se acordou o seguinte: *“Denegar a licenza urbanística a Begoña Cutrín Varela, con DNIXXXXX, para a execución “de instalacións privadas de baño, instalacións anexas e de almacenamento agropecuario en Bandeira” na parcela con referencia catastral 36052C511110270000TR, clasificada como solo rústico de protección agropecuaria, polos motivos expostos nos informes dos técnicos municipais incorporados ao presente acordo nos seus antecedentes.”*

2º.- En consecuencia, con rexistro de entrada 2022-E-RE-292 de 25 de marzo de 2022 a promotora, por medio do seu representante Luis Matovelle Gómez, Arquitecto Técnico colexiado 2.902 (ACOTA ARQUITECTURA, S.L.). presenta “PROYECTO BANDEIRA MODIFICADO II”, sen outra documentación que un poder de representación.

3º.- Consta no expediente informe do arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, de data 21/11/2022, no que informa que o proxecto presenta certas eivas que deberán ser emendadas previamente á concesión de licenza municipal de obra, en concreto os puntos que se sinalan a continuación:

- Deberanse aportar os seguintes documentos:
 - Oficio de dirección
 - Oficio de coordinación en materia de seguridade e saúde.
 - Folla de estatística de edificación e vivenda cumprimentada.
 - Compromiso de execución dos servizos e de inscrición no rexistro da propiedade cuberto e asinado.
 - Xustificación das cores empregados segundo a Guía de Cor e Materiais de Galicia
 - Novas autorizacións sectoriais para a nova actuación pretendida:
 - Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
 - Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.
 - Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela-Rosalía de Castro.
 - Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro para o abastecemento de auga.
 - Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro para a depuración de auga.

4º.- O 26 de xaneiro de 2023, con rexistro de entrada 2023-E-RE-95, a promotora, por medio do seu representante, aporta autorización do Servizo de Infraestruturas da Consellería de Medio Rural, escrito de resposta ao requirimento, folla de estatística de edificación e vivenda, oficios de dirección e resolución de autorización de Usos privativos por disposición legal. Recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de Augas.

5º.- Consta no expediente informe do arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, de data 14/03/2023 no que se especifica que o proxecto presentado entra no ámbito de aplicación do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio, polo que deberá estar visado polo Colexio Oficial de Arquitectura Técnica correspondente.

Ademais non consta no proxecto, salvo erro ou omisión involuntarios, sección acoutada do vaso da piscina nin indicación da fondura nin aclaración da execución da excavación e contención de terras.

Deberanse aportar os seguintes documentos:

-Compromiso de execución dos servizos e de inscrición no rexistro da propiedade cuberto e asinado

-Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro para a depuración de auga.

6º.- O día 20 de marzo de 2023, rexistro de entrada 2023-E-RC-1147, ten entrada a autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

7º.- Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 17/04/2023, ó que a funcionaria que subscribe remítese integramente en canto ós aspectos técnicos e cumprimento da normativa urbanística se refire, tratando o presente informe única e exclusivamente do aspecto procedemental do caso.

O informe favorable do arquitecto recolle nas súas conclusións o seguinte:

“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Instalacións privadas de baño e anexas de almacenamento agropecuario en Bandeira, Concello de Silleda solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados nos puntos 21 e 22 deste informe e que constan no expediente 639/2022.

Por outra banda, para a concesión da licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será necesario aportar certificado de impermeabilidade da foxa asinada polo técnico director da mesma.

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) *Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

Por outra banda, cómpre lembrar a obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.

*De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelocartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.**”*

8º.-Consta informe xurídico asinado o 17/05/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

A distinción entre **obra maior e menor** implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas

definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunhas delas non expón maiores dificultades de catalogación. No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:

— Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)

— Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e, no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».

— Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de 1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

As obras suxeitas a licenza urbanística, son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e desenvólvanse nunha soa planta.

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO A SEGUIR.

O procedemento para o outorgamento das licenzas atópase regulado no artigo 143 da LSGA.

As solicitudes de licenzas deberán de ir acompañadas de proxecto técnico completo redactado por técnico competente, excepto que se trate, de obras menores, non sendo este o caso.

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda. En ningún caso entenderanse concedidas por silencio administrativo en contra da ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para o outorgamento das licencias correspóndelle por delegación da Alcaldía á Xunta de Goberno Local.

3. Para o outorgamento da licenza serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

4. As solicitudes das licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse do proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente. Unha vez que se presenta no Concello o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

5. As peticións das licenzas resolveranse nun prazo de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

6º. Deberase cumprir o artigo 66.6 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que cando a Administración nun procedemento concreto estableza expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes estes serán de uso obrigatorio polos interesados, deste xeito cando se revise unha solicitude de licenza urbanística por parte do Concello deberá revisarse o cumprimento do artigo 66 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, e 353 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, antes de entrar a revisar e informar sobre o fondo do asunto, debendo requirirse ao interesado a emenda dos defectos observados coa advertencia de entendela desistido de non cumprimentarse os requirimentos nos prazos concedidos previa resolución expresa.

CUARTO.- REQUISITOS DA SOLICITUDE.

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos segundo o establecido no artigo 353 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

- a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, no seu caso, de quen a represente, así como unha dirección para o efecto de notificacións.
- b) Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos do mesmo, a súa localización e a edificación ou inmovible ao que afecte, así como a referencia catastral do mesmo.
- c) Xustificante de pago dos tributos municipais.
- d) As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberán de acompañarse de proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se indica a continuación.

Unha vez presentado ante o concello o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo (artigo 143.3 da LSG).

Enténdese por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van a realizar co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración coñecer o obxecto daquelas e decidir se se axustan ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas na mesma.

O proxecto terá que xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.

Devandito proxecto técnico conterá unha memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, **razoándose** a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.

A memoria do proxecto **desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216** e acompañarase dos correspondentes planos de situación a escala adecuada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido.

Igualmente, conterá **unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.**

Cando o proxecto se desenvolva ou complete mediante proxectos parciais ou outros documentos técnicos sobre tecnoloxías específicas ou instalacións do edificio, manterase entre todos eles a necesaria coordinación.

- e) Os proxectos de obras acompañaranse do correspondente oficio de dirección das mesmas, no que se identificará o técnico ou técnicos aos que se lles teñen encomendadas.

f) Cando non sexa esixible un proxecto técnico, a solicitude acompañarase dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible no que se pretenda levar a cabo.

g) No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axústanse á licenza outorgada.

h) Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que vaian destinadas as obras.

i) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles.

j) No seu caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

QUINTO.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, non podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso.

Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiriran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións

urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

SEXTO.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.

As construcións obxecto deste informe atópanse en solo clasificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como solo urbanizable non programado residencial, o uso declarado polo interesado é o de piscina.

O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de mesma, conforme ás seguintes regras:

“b) parágrafo segundo: Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico.”

Deste xeito o solo sobre o que se pretende levar a cabo a actuación é **solo rústico de protección agropecuaria**.

O artigo 35.1, d) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, establece como usos e construcións autorizados en solo rústico os seguintes: *“Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolven ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate”*.

Este uso é compatible con calquera clase de solo rústico, sen necesidade de autorización autonómica previa tal e como establece o artigo 36 da 2/2016, de 10 de febreiro, sen embargo ao tratarse dun solo rústico de especial protección sería necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Polo exposto, **a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a **BEGOÑA CUTRÍN VARELA**, con DNIxxxx, a licenza urbanística solicitada para a **“Instalacións privadas de baño e instalacións anexas de almacenamento agropecuario en Bandeira”**, no Concello de Silleda, (Referencia Catastral 36052C511110270000TR), de acordo co Proxecto básico e de Execución redatado por Luis

Matovelle Gómez, Arquitecto Técnico colegiado 2.902 (ACOTA ARQUITECTURA, S.L.)

SEGUNDO.- A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos **informes técnicos e sectoriais** que figuran no mesmo expediente, facendo fincapé en aqueles aspectos ós que fai mención o informe do arquitecto municipal, en concreto:

- **“ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E PROTECCIÓN DA PAISAXE”** artigo 91 da LSG, establece o seguinte:
 - c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**
 - d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**
 - e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.
- **OBRIGA DA PLANTACIÓN DE ARBOREDO OU ESPECIES VEXETAIS EN, POLO MENOS, A METADE DA SUPERFICIE DA PARCELA**, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.

TERCEIRO.- De acordo co artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do **CARTEL INDICADOR** en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

CUARTO.- No caso de non ter aboadas as **TAXAS** polo importe que corresponda, a interesada deberá pagalas para o outorgamento da licenza.

QUINTO.- Para a concesión da licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será necesario aportar certificado de impermeabilidade da foxa asinada polo técnico director da mesma.

SEXTO.- Notificar o presente acordo á interesada.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE